



A Dirección Xeral con competencias en materia de Protección Civil, seguindo as directrices marcadas na Norma Básica de Protección Civil e no Plan Territorial da Comunidade Autónoma Galega (PLATERGA), elaborou o Plan de Salvamento en Praias de Galicia (SAPRAGA) en colaboración cos Concellos costeiros de Galicia, publicado no DOG núm. 18, do 19 de xuño de 2001.

O aumento da demanda de usuarios das zonas de baño, así como o incremento da práctica de deportes mariños, nas zonas costeiras, como o surfing, vela, esquí acuático, motos mariñas, etc., supuxo un maior risco para a poboación que acude a estas zonas, e este maior índice de risco, é o que levou a deseñar o Plan SAPRAGA.

Como tódolos anos, este plan se activa o día 1 de xuño, e permanecerá activado ata o 30 de setembro.

Como requisito para adherirse ó SAPRAGA pódense incluír aquelas praias marítimas e continentais con vixilancia e incluídas na listaxe de praias controladas polo *Sistema de Información Nacional de Augas de Baño (Náyade)*. Este último condicionante cúmprese no caso do seu concello.

Pódese acceder a ela a través da seguinte url:

<https://nayedeciudadano.msssi.es/>

Para mellorar a aplicación do plan SAPRAGA, este ano como novidade, a Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Emerxencias, AXEGA, pon a dispor do persoal socorrista unha plataforma web para comunicar a apertura e peche da praia, comunicar o persoal que a atende (socorristas e voluntarios), e indicar as incidencias que se produzan ao longo da xornada.

Pódese acceder a ela a través da seguinte url:

<https://www.axega112.gal/sapraga>

Para facer uso desta ferramenta é necesario estar rexistrado, polo que a partir do mércores día 5 de xuño, desde o Centro de Atención aos Usuarios da AXEGA, se enviará un correo electrónico ao enderezo do Concello no que se indicarán os datos de acceso e un manual de usuario.

Así mesmo, tendo en conta que a afluencia de visitantes e cambiante, e posible que as praias que se adhiran ao plan sexan nalgún caso distintas ás dos anos anteriores, polo que solicítolle que **antes do 15 de xuño, comunique ao servizo provincial de Emerxencias, cales son as que este ano contarán con cobertura de persoal, así como un enderezo de correo electrónico** para enviar os datos de acceso e o manual de usuario.

Documento asinado dixitalmente á marxe

